

Capítulo 1

No que se intenta presentarlle a protagonista ao amable lector que non coñeza os tomos 1 e 2 da historia.

Margerethe Maria Sackmeier, coñecida como Gretchen, tiña dezasete anos, ollos grises coma os croios dun río, cabelo castaño claro e un diminuto nariz. Medía un metro e sesenta centímetros. O seu corpo estaba todo el moi ben formado. Gretchen podía recibir cualificativos —falando obxectivamente— como «moi guapa» e —falando subxectivamente— así era como se consideraba a si mesma.

O pai de Gretchen era apoderado dunha fábrica de pastas alimenticias e o seu traballo estaba ben remunerado. A nai de Gretchen era traballadora social e o seu traballo estaba mal remunerado. O

irmán de Gretchen, Hänschen, era un rapaz roñón de quince anos, con problemas de todo tipo. A irmá de Gretchen, Mädi, era unha nena de nove anos algo nifrosa, sen problemas.

Gretchen vivía cos seus pais e irmáns nunha sólida harmonía familiar recentemente recomposta. Recomposta, porque había tres anos esa harmonía rachara de vez cando os pais de Gretchen se separaran despois de moitas agarradas. A nai marchara vivir con Gretchen e Mädi cas da súa amiga Marie-Luise. Hänschen quedara co pai. Voluntariamente. E Gretchen estaba convencida de que o matrimonio dos seus pais rompería e todo esforzo por recuperalo era inútil.

—Non hai nada que facer —explicáralle Gretchen á súa amiga Gabriele—. É mellor esquecelo. Sinxelamente, a miña nai xa non se entende co meu pai. Nunca volverán levarse ben. Mamá cambiou moito.

A dicir verdade, a nai de Gretchen cambiara moito. Adelgazara vinte quilos e transformárase nunha muller esvelta e fermosa. Aprendera unha profesión que lle gustaba e estaba orgullosa de non

ser só «ama de casa». A súa mentalidade era completamente distinta. Como adoita dicirse, emancipárase. E dunha maneira radical.

—En troques, papá, por desgraza, non se emancipou —comentáralle Gretchen á súa amiga Gabriele—. Papá segue ancorado no cómico papel de home que aprendeu hai vinte anos. E malia que intentou mudar, non o consegue.

Hänschen tivera a culpa de que os pais de Gretchen se volvesen xuntar e tratasen de recuperar a harmonía familiar. Non era doado coidar de Hänschen e ao seu pai non se lle daba ben, sobre todo no aspecto psíquico. Hänschen tornárase cada vez máis difícil, máis revirado, máis cerrado e, tamén, máis gordo. E a súa nai cada vez tiña máis remorsos, pois botáballe a culpa da estraña evolución do seu querido fillo á súa marcha do fogar familiar. Quixo levar con ela a Hänschen, pero Hänschen negárase. Hänschen era un pequeno macho! Quería que volvese a súa «antiga mamá». Coa «nova» estaba moi enfadado. Na súa opinión, a súa nai fora enganada polo demo, encarnado na súa amiga Marie-Luise. E

quen ía querer vivir de hóspede cas do mesmo demo?

Xa que unha boa nai non pode ser feliz se un dos seus fillos o pasa mal, a nai de Gretchen decidiu recompoñer o seu matrimonio. Con isto tamén se aseguraba para ela mesma certas vantaxes, como lle recoñecera francamente a Gretchen. A muller do apoderado ben pagado dunha fábrica de pastas alimenticias tiña sen dúbida unha vida máis desafozada que unha muller separada con escasos ingresos e unha pensión igual de escasa.

Gretchen descoñecía ata que punto os seus pais retomaran a súa vida conxugal. Inclinábase a crer que vivían xuntos como irmán e irmá, exclusivamente polo ben da familia. Pero ás veces poñía en dúbida esta suposición. Contradicíana algúns indicios. En calquera caso, Gretchen non cavilaba moito na vida íntima dos seus pais, primeiro porque era discreta de seu e segundo porque ela tiña as súas propias cerelladas mentais amorosas, que cubrían dabondo as súas teimas de índole sexual.

Os problemas amorosos de Gretchen debíanse a unha circunstancia que en por si resultaba satis-

factoria. Gretchen constituía unha peza moi cobi-zada. E dous rapaces en especial disputaban desde había anos os seus favores. Un era Hinzal, un mozo agradable, de natural calmo. O outro era Florian Kalb, un compañeiro de clase, de natural menos calmo, pero máis conforme coas esixencias de Gretchen. Era o mozo máis guapo da clase. Segundo a súa amiga Gabriele, que tiña bo ollo para a beleza masculina, mesmo o máis guapo de todo o instituto. A Gretchen non lle importaría o máis mínimo ter relacións sentimentais tanto con Hinzal coma con Florian. Considerábase quen de facelo. Pero os rapaces non estaban de acordo. Florian mostraba decote as súas pretensións de posesión exclusiva e Hinzal exteriorizaba seguido o seu temor a perdela. Dito dun xeito máis claro: os dous eran tremendamente celosos.

Gretchen tiña que sufrir estes celos e chegara á amarga conclusión de que un dobre amor non produce necesariamente un dobre pracer. Había anos que trataba de aclarar os seus sentimentos e de decidirse por un dos dous mozos. Pero Gretchen non daba tomado esta decisión porque teimaba en

pensar que, unha vez que a tomase, non lle quedaría outra que deitarse co rapaz que escollese. E non tiña gana ningunha de facelo. Por outra parte, pensaba para si, esta falta de gana non era moi normal á súa idade. En resumo, a problemática amorosa convertérase para Gretchen nun nó gordiano que non daba desatado. Os diversos consellos que lle ofrecían as persoas coñecedoras dos seus problemas eran tan contraditorios que non lle servían de ningunha axuda.

A Gretchen íalle ben no instituto. Xa non aprendía moito, pero fora durante tantos anos a mellor da clase que os seus fallos non chamaban a atención dos profesores. Estes seguían a considerala un «talento» e «aplicada» e así o facían constar nas notas. Se Gretchen non respondía satisfactoriamente as preguntas dos profesores, estes, na súa antiga convicción, atribuíano a que tiña un mal día. Esta inxusta benevolencia dos profesores cara a ela desgustaba só moderadamente os seus compañeiros, que non por iso lle tiñan zuna, o que demostra o querida e estimada que era Gretchen Sackmeier.

Da vida pasada de Gretchen cómpre recordar tamén os anos nos que estivera moi gorda. Todos os membros da familia Sackmeier foran increíblemente gordos. Tanto, que o fillo dos veciños, un tal Konni, daquela os alcumaba «os sacos». Pero Gretchen perdera, ao mesmo tempo que a nai, toda a graxa sobrante e, a diferenza dela, non tivera que pasar fame. Os diversos membros da familia Sackmeier non estaban de acordo en cal era o motivo secreto polo que desaparecera a gordura de Gretchen. A nai opinaba que a graxa acumulada durante os anos de inactividade da infancia de Gretchen se disolvera ao adoptar esta un xeito de vida máis activo e movido. O pai pensaba que Gretchen se contaxiara do afán da nai por estar delgada. E murmuraba en secreto: «Probablemente vomita ás escondidas todo o que come. Isto debe estar de moda entre as mulleres. Vén en calquera revista».

O seu irmán Hänschen sospeitaba o mesmo de Gretchen e levaba moi mal a súa delgadeza. Hänschen era desta opinión: «Cando todos estabamos gordos, eramos unha familia feliz. Todas as

nosas desgrazas comezaron cando mamá adelgazou». Do que Hänschen deducía: quen adelgaza é malo, porque pretende destruír a felicidade da familia. Así, Hänschen vía na esvelta figura da súa irmá unha traizón á familia e tiña medo. Decatábase de que a súa harmonía familiar era ben inestable. Temía que volveuse crebar e parecíalle que a gordura era un excelente lazo de unión. Todo quilo que engordasen Gretchen ou a súa nai significaría para Hänschen seguridade na vida. Pero nin Gretchen nin a nai lle facían este pequeno favor. Ningunha delas tiña a menor idea de que para Hänschen gordura e harmonía estaban estreitamente unidas.

Mädi non se preocupaba gran cousa da gordura ou da delgadeza. O seu propio peso non constituía para ela problema ningún, malia oscilar seguido. Mädi cambiaba de tamaño coma a lúa, só que dunha maneira ben menos regular. Comía unha barbaridade, pero ademais tiña moi malos hábitos alimenticios. O mesmo só quería pan con manteiga no almorzo, a media mañá, no xantar, de merenda, de cea e entre horas, que só lle apetecían cogombros en vinagre, albóndegas de pataca ata para

almorzar ou pan integral sen nada. As semanas que Mädi só tomaba cogombros en vinagre ou pan integral sen nada, adelgazaba. No período no que tocaban as albóndegas de pataca ou o pan con manteiga, engordaba.

A avoa de Zwettl, así chamada porque vivía nesa vila, consideraba a perda de peso de Gretchen unha grave enfermidade. A avoa de Zwettl era inmensamente gorda e estaba firmemente convencida de que a súa gordura e a súa saúde estaban tan unidas coma xemelgos siameses, que non poden vivir un sen o outro. Nin sequera o feito de que a súa neta estivese delgada desde había máis de dous anos e, aínda así, non dese mostras de ter enfermidade ningunha, disipaba os temores da avoa. A miúdo comentaba suspirando agoireira:

—Xa aparecerá. Por desgraza. E entón habédesvos acordar do que eu vos dicía. Algúns *viruses* tardan ata dez anos en facer efecto. Cando isto ocorra, espero estar xa baixo terra.

(Con «viruses» a avoa de Zwettl referíase aos «virus». As palabras estranxeiras non se lle daban demasiado ben).

Nota: Quizais tamén sexa digno de mención que Gretchen tiña un par de pequenos tics. Adoitaba rañar na barriga sen que necesariamente lle proese. Metíase decontino un guecho de pelo na boca e adentaba nel distraidamente. Tamén lle gustaba tirar dos dedos ata que lle estalaban os cotenos. E fungaba polo nariz coma se estivese constipada e non tivese pano, aínda que nunca estaba constipada e sempre tiña pano.